



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

INSTITUTO DE ENSINO SECUNDARIO SAN CLEMENTE  
Rúa San Clemente s/n. 15705 Santiago de Compostela  
Teléfono: 0034 881 867 501 - Fax: 0034 881 867 538  
[www.iesanclemente.net](http://www.iesanclemente.net) - [ies.sanclemente@edu.xunta.es](mailto:ies.sanclemente@edu.xunta.es)



# DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

ANO 2021/2022

Profesorado do Dpto.:

**Domínguez Touriño, Guillermina**

**Durán Rivas, M<sup>a</sup> Esther**

**Lojo Piñeiro, Fernando**

**Poch Gutiérrez, Francisco Javier**  
**IES SANCLEMENTE**



## Índice

- 1. *Introdución e contextualización***
- 2. *Xustificación da programación***
- 3. *Os obxectivos xerais do Bacharelato e da ESAD***
- 4. *Achega do Departamento ao desenvolvemento das competencias básicas. Programación de temas transversais.***
- 5. *Unidades didácticas da proposta curricular***

*Presentación, obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave e carga horaria*

- 6. *A metodoloxía didáctica***

### **1. *Introdución e contextualización: IES San Clemente de Santiago***

**Con carácter previo á lectura desta programación reflectimos a continuación algunha das características específicas que poden servir para contextualizar o ámbito de traballo no Departamento de Xeografía e Historia do IES San Clemente no ensino online de adultas e adultos:** O Departamento de Xeografía e Historia do IES San Clemente, consta de catro persoas, das que tres son funcionarias en réxime definitivo e unha **que cambian tódolos anos, co cal as materias a impartir vense condicionadas por esta circunstancia.**

**Distribución das materias, cursos e grupos entre o profesorado do Departamento de Xeografía e Historia, no presente curso escolar 2019-20**



Profesorado	Reparto de Materias	Nivel	Cargos
Domínguez Touriño, M. Guillermina L.	H <sup>a</sup> de España H <sup>a</sup> da Arte	2º Bacharelato	Xefa do seminario
Durán Rivas, M <sup>a</sup> Esther	Módulos I, III H <sup>a</sup> da Música	ESAD 2º Bacharelato	Titora
Lojo Piñeiro, Fernando	H <sup>a</sup> do M <sup>o</sup> C <sup>o</sup> Fundamentos da Arte	1º de Bach.	Titor
Poch Gutiérrez , Francisco Javier	Módulos II, IV Xeografía	ESAD 2º Bacharelato	Titor



O IES San Clemente está situado na zona monumental de Santiago de Compostela, próximo á alameda e á catedral, na rúa que leva o seu mesmo nome. O contexto sociocultural é urbano, ademais de caracterizarse especialmente por considerarse cidade de peregrinación, de congresos e de encontro de culturas, designada patrimonio da humanidade pola UNESCO.

Aínda que o edificio rematouse antes, as súas actividades non comenzaron ata o ano 1953. Nun primeiro momento, foi sede da antiga Escola de Traballo, que pasou a constituirse como Escola de Mestría Industrial e a continuación Centro de Formación Profesional de II Grao. Non foi ata finais do século XX cando adquiriu a denominación de instituto de educación secundaria (IES) e, xa no século XXI, se introduciron as ensinanzas non estritamente profesionais.



O centro está distribuído en tres andares e un soto; posúe cinco talleres e unha aula de informática, tres aulas para ESA e BAC (adultos), unha sala de usos múltiples (vídeo, conferencias, etc.), un laboratorio, unha biblioteca e outras dependencias dedicadas a administración e servizos.

- **Oferta docente**

Oferta diversas modalidades de docencia:

**Presencial** (diúrna e nocturna): Ciclo superior de Administracións de Sistemas Informáticos (ASI), Ciclo Superior de Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas (DAI) e Ciclo Medio de Explotación de Sistemas Informáticos; ademais, impártese ESO semipresencial para persoas adultas (ESA).



**A distancia:** ESO para alumnado adulto (ESAD) na zona de influencia do centro (Santiago e arredores), e BACH. O centro tamén ofrece a posibilidade de matricularse por libre para a obtención do título de Graduado en ESO.

**Semipresencial**, coa oferta de BACH para a zona de Santiago.

- **Bacharelato a distancia e de adultos:**

A ensinanza básica para persoas adultas está regulada na nosa comunidade desde a orde do 26 de maio de 1997 (DOG 15 de xullo de 1997); os documentos básicos do proceso de avaliación reguláronse na Orde de 15 de abril de 1998 (DOG 4 de xuño de 1998).

**A Lei 9/1992, do 24 de xullo**, de educación e promoción de adultos da Comunidade Autónoma de Galicia, define no seu artigo primeiro a educación e promoción de adultos como un conxunto de accións de carácter educativo, cultural, social e profesional orientado a lles proporcionar a todos os residentes no territorio da comunidade Autónoma Galega que superaron a idade de escolaridade obligatoria o acceso, de forma gratuita e permanente, á súa formación persoal, así como a ámbitos de formación ligados a niveis educativos superiores. No seu artigo 16 establece que a educación e promoción de adultos adoptará as seguintes modalidades: **presencial, semipresencial e a distancia**.

**O Decreto 88/1999, do 11 de marzo (DOG do 13 de abril)**, polo que se regula a ordenación xeral de ensinanzas de educación de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que as ensinanzas para as persoas adultas deberán desenvolverse desde a formación inicial ata o acceso á universidade e terán como finalidade a adquisición dunha formación básica que facilite a



transición da persoa adulta á vida activa, a promoción laboral, así como a súa orientación e preparación para o acceso aos estudos superiores. No seu **artigo 6**, ademais, establece que, a través da modalidade a distancia, poderán ofertarse as ensinanzas dos niveis educativos e profesionais que se determinen das recollidas nese decreto e que non requirian a presenza directa do alumnado.

**Por Orde do 14 de abril de 1999 (DOG do 29 de abril)**, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulou as ensinanzas de bacharelato para as persoas adultas, e adaptou para este alumnado o establecido no decreto 275/1994, do 29 de xullo, polo que se establece o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta orde foi modificada despois pola **orde do 17 de xuño de 1999**, e máis tarde pola orde de **5 de xullo de 2006**. Como consecuencia da modificación introducida polo Real Decreto 3474/2000, do 29 de decembro, o Decreto 275/1994, antes mencionado, foi modificado polo Decreto 231/2002, do 6 de xuño (DOG do 15 de xullo, corrección de erros no DOG do 5 de novembro).

**Por orde do 8 de maio de 2002 (DOG do 4 de xuño)**, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulou a autorización das ensinanzas de educación para persoas adultas, nos réximes presencial e a distancia, en centros de educación e promoción de adultos (EPA) e institutos de educación secundaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

**A orde máis recente pola que se ordenan e organizan as ensinanzas de bacharelato para adultos na nosa comunidade é a de 5 de xullo de 2006, publicada o 26 de xullo de 2006 (DOG 143).**

En 1982 (Decreto 120/1982 de 5 de outubro), logo da transferencia de competencias en materia de educación á Comunidade Autónoma de Galicia, o antigo Instituto Nacional de Bachillerato a Distancia (INBAD), creado en 1975 e dependente do CIDEAD (Centro para la Innovación y Desarrollo de la Educación a Distancia), pasa a consolidarse como Instituto Galego de Bacharelato a Distancia.

**Coa implantación da Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro**, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (**LOXSE**), a Xunta de Galicia decidiu non incluír este sistema de docencia a distancia no programa de implantación da lei, de modo que o Ingabad acabou por se extinguir en 2002. A modalidade a distancia que se orixinou a partir deste momento de maneira xeneralizada en toda Galicia, e que deu resposta ás esixencias da normativa da LOXSE tanto para a ESO como para o BAC, centralizouse en Santiago de Compostela a través do **IES San Clemente** por Orde do 23 de agosto de 2001 (DOG do 13 de setembro).



A Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, dedica os seus artigos 66 a 70 á educación das persoas adultas. No seu artigo 67.2º prevé que as ensinanzas para as persoas adultas poderán desenvolverse a través da modalidade de educación a distancia. Igualmente, no punto 7 dese mesmo artigo, establece que as ensinanzas para persoas adultas se organizarán cunha metodoloxía flexible e aberta, de modo que respondan ás súas capacidades, necesidades e intereses. No artigo 69, dedicado ás ensinanzas

postobrigatorias para persoas adultas, establece que as administracións educativas promoverán medidas tendentes a ofrecer a todas as persoas a oportunidade de acceder ás ensinanzas de bacharelato e que adoptarán as medidas oportunas para que as persoas adultas dispoñan dunha oferta específica de estudos organizada de acordo coas súas características.

Finalmente, a orde do 26 de abril de 2007 (DOG 88, martes 8.05.07), ordena e regula as ensinanzas de bacharelato para adultos a distancia na Comunidade Autónoma de Galicia, así como as sucesivas ordes a ter en conta.

**A LOMCE está regulada na nosa comunidade polo decreto 86/2015** do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Este decreto baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe. Propónense novos enfoques na aprendizaxe e na avaliación, que van supor un importante cambio nas tarefas que teñen que resolver os alumnos e as alumnas, e propostas metodolóxicas innovadoras. **Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.** Xa que logo, as competencias considéranse como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais; conceptuaríanse como “un saber facer” que se aplica a unha diversidade de contextos educativos, sociais e profesionais.

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial



débese abordar desde todas as materias de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais como nos non formais e informais; o seu dinamismo reflíctese en que as competencias non se adquieren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.

Para lograr este proceso de cambio curricular cómpre favorecer unha visión interdisciplinar e, de xeito especial, posibilitarlle unha maior autonomía á función docente, de forma que permita satisfacer as demandas dunha maior personalización da educación. O papel do persoal docente é fundamental, pois debe ser quen de deseñar tarefas ou situacións de aprendizaxe que posibiliten a resolución de problemas e a aplicación dos coñecementos aprendidos, xa que os contidos están subordinados á acción. As concrecións curriculares para os distintos bloques de materias, recollidas nos anexos I, II e III, constrúense a partir dos criterios de avaliación, ligándooos cos demais compoñentes de cada materia.

**Os criterios de avaliación relaciónanse directamente cos estándares de aprendizaxe, que non son más que concrecións dos propios criterios, e eses estándares conéctanse coas competencias clave.**

Por outra banda, os criterios de avaliación describen o que se pretende lograr en cada disciplina, e, neste sentido, os contidos non son más que os medios para os alcanzar. En cada materia, os contidos agrúpanse en bloques, o que non supón unha secuencia nin implica unha organización pechada; pola contra, permite organizar de diferentes formas os elementos curriculares e adoptar a metodoloxía máis adecuada ás características das aprendizaxes e do grupo de alumnos e alumnas a quen van dirixidos.

## **2. Xustificación da programación**

A Programación Didáctica fundámese no establecido no Real Decreto 1105/2014 do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, e no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, baseándonos na **Circular 5/2020** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a organización e posta en funcionamento das



Ensinanzas de bacharelato para persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia, nos **IES e Centros EPA autorizados para impartilas no curso 20/21.**

Tal e como indica a Circular 4/2020, da Dirección Xeral de Educación e Formación Profesional e Innovación Educativa, **dítanse e aplícanse as instrucións** sobre a organización e o funcionamento, dos centros EPA e dos Institutos de Educación Secundaria que impartan ensinanzas básicas de educación para persoas adultas polas modalidades citadas, encamiñadas , ao abeiro do disposto na orde do 20 de marzo de 2018 (DOG do 12 de abril), desenvolvendo e regulando a ordenación xeral das ensinanzas básicas, encamiñadas a conseguir unha maior calidade do ensino, estimular o traballo en equipo do profesorado e fomentar a participación da comunidade educativa nos centros.

Cómpre ter en conta tamén a normativa relativa, excepcionalmente neste curso, **ao COVID 19:**

*A Orde EFP/561/2020, do 20 de xuño, pola que se publican Acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e o desenvolvemento do curso 2020-2021 e na cal se establece que as administracións educativas adoptarán as medidas que correspondan para dar resposta a posibles alteracións das actividades lectivas de carácter presencial. As Instruccións do 27 abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. O Protocolo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 As Instruccións do 30 de Xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso 2020/2021 nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obligatoria e do bacharelato. Resolvendo as instruccións pertinentes ás que nos remitimos (Circular 4/2020).*

### **Marco lexislativo**

A situación lexislativa actual ten como marco básico no ámbito estatal a **Lei Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, que modifica a **Lei Orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de educación; e no ámbito autonómico, a **Lei 9/1992**, do 24 de xullo, de educación e promoción de adultos, e o **Decreto 88/1999**, do 11 de marzo, polo



que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros.

O desenvolvemento normativo do currículo recóllese a nivel estatal no **Real decreto 1105/2014**, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato, e a nivel autonómico no **Decreto 86/2015**, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A esta normativa básica, engádese outra que a complementa: a **Orde ECD/65/2015**, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obligatoria e o bacharelato; a **Orde do 26 de abril de 2007** pola que se ordenan e organizan as ensinanzas de bacharelato para adultos a distancia na Comunidade Autónoma de Galicia; a **Orde do 20 de marzo de 2018** pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia; a **Circular 4/2020** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións sobre a organización e o funcionamento dos centros EPA e dos institutos de educación secundaria que imparten ensinanzas básicas de educación para persoas adultas polas modalidades presencial e a distancia no curso 2020/21, e a **Circular 5/2020** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a organización e posta en funcionamento das ensinanzas de bacharelato para as persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia, nos IES e centros EPA autorizados para impartilas no curso 2020/21.

A base de partida é a concepción do Bacharelato como unha etapa fundamental na vida do alumnado que ten unha dobre finalidade: proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade, e capacitar o alumnado para acceder aos diferentes estudos superiores en función das súas propias aspiracións e competencias.

A este fin propomos un modelo de ensinanza-aprendizaxe que pretende proseguir e desenvolver a tarefa que iniciamos en anteriores etapas educativas. Aspiramos a que toda a cidadanía adquira as diferentes competencias necesarias para ter éxito na vida, a través da adquisición e o desenvolvemento das Competencias Clave. Deste xeito o modelo segue as directrices dos distintos estudos promovidos por instancias nacionais e internacionais, como o proxecto DeSeCo da OCDE, o informe Eurydice, o programa PISA os diferentes



informes e proxectos educativos abordados desde o ámbito do proxecto da Unión Europea Estratexia Europa 2020 e, de forma particular, o PIAAC ou Programa para a Avaliación Internacional das Competencias das persoas Adultas.

Entendemos que a función da ensinanza é facilitar a aprendizaxe do alumnado, axudándoo a construír, adquirir e desenvolver as **Competencias Clave** que lles permitan integrarse na sociedade do coñecemento e afrontar os continuos cambios que impoñen en todas as ordes da nosa vida os rápidos avances científicos que o alumnado deberá afrontar en etapas posteriores da súa vida.

Por **competencias** enténdese, nun sentido amplo, a concatenación de saberes que artellan unha concepción do ser, do saber, saber facer e saber convivir. Neste sentido DeSeCo (2003) define competencia como "**a capacidade de responder a demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas de forma adecuada**". A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan convxuntamente para lograr unha acción eficaz». A inclusión das competencias clave no currículo ten como finalidade que o alumnado

- a) poida facer posible o pleno exercicio da cidadanía no marco da sociedade de referencia;
- b) constrúa un proxecto de vida satisfactorio;
- c) alcance un desenvolvemento persoal equilibrado; e
- d) acceda a outros procesos educativos e formativos posteriores con garantías de éxito.

Ser competente, desde este enfoque, significa ser capaz de activar e utilizar ante un problema os coñecemento adquiridos, supón "mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores para responder as situacións formuladas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora" (Orde ECD/65/2015 do Ministerio de Educación e Ciencia, pola que se desenvolven as **Competencias Clave**). **Só a partir destas premisas pensamos que é posible a aplicación dun dos eixes fundamentais da Programación Didáctica das materias do Departamento de Xeografía e Historia de Bacharelato: a funcionalidade das aprendizaxes. Por aprendizaxe funcional entendemos que as competencias poidan ser aplicadas e transferidas a situacións e contextos diferentes para lograr diversos**



***obxectivos, resolver diferentes tipos de problemas e levar a cabo diferentes tipos de tarefas.***

A eficacia destes principios quedaría incompleta se non foramos capaces de presentar os contidos das diferentes materias de forma artillada para facilitar o proceso de aprendizaxe e o **desenvolvemento das Competencias Clave a través dos Estándares de aprendizaxe fixados para cada materia.**

Deste xeito esta Programación tentará adoptar unha perspectiva globalizadora á vez que porá a atención naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles desde unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos. Así, a aprendizaxe das competencias clave, aínda que vai ligada ás materias ou ás áreas de coñecemento e aos estándares de aprendizaxe fixados nelas, adquirirase a partir da súa contextualización en situacións reais e próximas ao alumnado para que poida integrar diferentes aprendizaxes, tanto as formais, como as informais, e utilizarlas de forma efectiva cando lle resulten necesarios.

### **b) Alumnado.**

As diversas materias do Departamento de Xeografía e Historia impártese a un número bastante amplio de alumnas e alumnos, distribuídos nun total de 7 grupos, aproximadamente xa que a matrícula aínda non rematou e no ensino de persoas adultas online, non se consideran grupos reais, polo que son impartidos polo profesorado de cada unha das materias individualmente e oscilan, a maior cantidade, entre 200-800, nas materias como H<sup>a</sup> de España, H<sup>a</sup> do M<sup>º</sup> C<sup>º</sup>, Xeografía e as de menor H<sup>a</sup> da Arte e H<sup>a</sup> da Música e a Danza, carecendo de ratios equitativas, así como o alumnado da ESAD.<sup>1</sup>

### **c) Contextualización**

Para todo iso e partindo de que **a liberdade maior é a que nos aporta o coñecemento**, o espírito deste Departamento e mailo seu traballo vai na liña de “**provocar**” no mellor sentido do termo, que estas aptitudes se convertan en actitudes cotiás do noso alumnado. Sabemos que temos **un alumnado especial**, dado que é polo de pronto toda a xente maior de idade que, polos motivos que sexan, non puido seguir cos estudos, ou ben persoas que non tiveron nin a máis mínima oportunidade, pero tamén aquellas persoas más novas que o

<sup>1</sup> Desde fai dous cursos engadíronse ao Departamento as materias de H<sup>a</sup> da Música e a Danza, e Fundamentos da Arte de 1º de Bach. por ser ampliada a oferta de Bacharelato de Artes



propio sistema educativo, por outros motivos, expulsou nalgún momento. É o que lle poderíamos chamar un **Bacharelato e unha ESA de “2ª Oportunidade”**.

Isto é un obstáculo engadido para “**provocar**” ese tipo de actitudes, xa que conforme medramos é máis complexo motivarnos; sen embargo no noso Departamento temos resultados moi positivos en canto a que as nosas materias non son nada doadas de traballar senón se ten unha inquedanza determinada, pola cultura, pola política e a ideoloxía, pola arte, polo espazo que habitamos, pola economía...a verdade é que “tocamos” tódolos paus que poden interesar ao ser humano e este currículum cubre as expectativas das persoas que se queiran “formar” minimamente para ocupar un posto na cidadanía contemporánea.

Así, contémplanse **actitudes, aptitudes, competencias diversas** para acadar, a través do coñecemento das materias do departamento, o status de cidadanía no sentido pleno da mesma.

A materia de 1º de Bacharelato, **Historia do Mundo Contemporáneo**, impartida polo profesor **Fernando Lojo Piñeiro**, aporta o coñecemento da Historia, sobre todo desde o punto de vista eurocéntrico, dos séculos XVIII-XX, **pudendo facer ese sabio exercicio de aprender do pasado para, entender o presente e tratar de evitar erros cara ao futuro;** aportación que se continuará, indo do Universal (Europa, o mundo) ao particular (España) na materia de 2º, a **Historia de España** dos séculos correspondentes, impartida pola profesora **Dona Guillermina Domínguez Touriño**, pudendo así tentar de paliar o outro dito de que “**o pobo que non coñece a súa Historia, está condenado a repetila**”, aportando ese matiz de **espírito crítico**, preciso para poder enxuizar o presente e procurar un futuro más xusto e equitativo para todas e todos.

Poderíamos dicir o mesmo con respecto ás outras materias, senón coñecen profundamente a cultura autóctona, **indo do particular (Galicia) ao Universal (España, o Mundo)** , **cómo van poder apreciar as diferenzas, toleralas e respectalas (¿?)**. De feito, este **Departamento insiste no rexeitamento profundo de que desde o curso seguirá retirada a Materia de Xeografía e Historia de Galicia, (e se nos dixo que podería ser recuperada)** que considera esencial para a formación e o coñecemento da propia contorna e a comprensión non só xeográfica, senón tamén sociopolítica e, incluso, económica da terra á que pertencen. Condiciona a vida da nosa terra áinda que fose unha *simple e secundaria optativa*, cando debería ocupar un lugar no estudio do noso alumnado moito



máis primordial, para poder apreciar en todo o seu valor e medida o que nos rodea e cómo teremos que coidalo para que o futuro sexa moito más halagüeño.

**A Historia da Arte de 2º de Bacharelato**, impartida pola profesora **Dona Guillermina Domínguez Touriño**, dado que o profesor **Fernando Lojo Piñeiro**, desde o curso 18-19, ten que impartir a nova materia de **Fundamentos da Arte de 1º de Bach.** , aporta o coñecemento da **sensibilidade e da crítica artística, o de poder aceptar diferentes formas de expresividade** relacionadas directamente cos acontecementos que artistas, **mulleres e homes**, veñen de vivir e transmiten ao mundo para poder comprendelo mellor, denuncialo e, polo tanto tentar melloralo.

Saber que situacións de pandemia como a que vivimos coa Covid 19, noutros momentos da Historia, da Arte , da economía .....históricos en definitiva, pode axudar a comprender situacións e acontecementos das persoas que nos antecederon e como sobreviviron e superaron esas crises.<sup>2</sup>

**A Xeografía**, impartida este curso polo profesor **Poch Gutiérrez, Francisco Javier**, facilita o encadramento físico de todas e cada unha das materias anteriores, sen o que non poderíamos entender nis os períodos e acontecementos da Historia, en xeral e en particular a de España, nin as manifestacións artísticas que emanen desas situacións e deses espazos. Ademais o aprendizaxe do respecto ao medio ambiente, ao **preocupante cambio climático** producido polo ser humano e as **consecuencias, sociais, económicas e culturais**, así como o grave problema da **demografía** na que está inmersa a Galiza e más España; todo iso non se podería entender sen materias coma a Xeografía.

Para chegar ata aquí fai falta pasar pola **ESAD** , impartida neste curso polo profesor **Poch Gutiérrez, Francisco Javier impartindo os módulos II-IV e Dona Mª Esther Durán Rivas nos módulos I-III**, este traballo en adultas e adultos é moito más gratificante se cabe, dado que a maior parte das persoas que acoden a estes estudios fano por necesidade de ter un título expreso cara ao seu traballo, co cal o índice de superación é alto, agás nos casos de alumnado que ven de ser expulsado do sistema e que aínda ten capacidade, consideramos, para estar escolarizado.

---

<sup>2</sup> A mal chamada Gripe española, sen ir máis lonxe, ou gripe do 18, é una boa referencia para poder comprender moito do acontecido no século XX.



Ao igual que no bacharelato, conta xa con material telemático que facilitará o traballo ao alumnado, pois teñen temario e exercicios de auto avaliación, cuestionarios e solucionarios, e mais ao profesorado que non lle restará tempo para traballar interactuando co alumnado.

Son materias, diríamos, imprescindibles, para a formación integral dunha persoa, que ao fin e ao cabo é o obxectivo principal dos estudios dos e das bachilleres , así como da ESA.

O pulo que tenta dar o Departamento, a través do traballo cotiá coas TIC, en contacto case permanente con este alumnado “especial” por tempo e espazo, é o que fai que a **programación xeral contemple determinados aspectos** que pasamos a resumir e que están desenvolvidos en cada unha das materias especificamente.

Tendo en conta **a particularidade do bacharelato a distancia**, teremos que facer fincapé en determinadas cuestións particulares e orixinais deste sistema:

- A referencia sempre serán as das **Guías electrónicas** que xa teñen todas e cada unha das materias de 1º e de 2º de Bacharelato, e as da ESA facilitándolle ao alumnado o traballo práctico, os estudios interactivos e, incluso, a súa propia auto avaliación para poder paliar as carencias que vaian xurdindo ao longo do curso.
- Tamén haberán de terse en conta que no **curso actual (2021-2022) xa implantada a LOMCE tanto na ESAD como no Bacharelato** e algunas materias (Hª de España), aumentaron considerablemente, co cal haberá que adaptar a temporalización das mesmas tendo que incluír ou minimizar algúns coñecementos que se consideren oportunos.
- O achegamento e a superación das materias pasará por uns **contidos mínimos a superar, así como por uns procedementos mínimos a acadar para poder comprender en toda a súa extensión as mesmas**. Contidos que van especificados en cada unha das materias, colgados na Aula Virtual e minuciosamente traballados polo Departamento para que sexan obxectivos e equitativos.



- Así mesmo é preciso aclarar que neste tipo de estudos, polas características específicas do bacharelato a distancia e da ESAD , ***non se contempla a avaliación continua, co cal será necesario superar todas e cada una das probas*** que se fagan ao longo do curso para poder obter un resultado positivo ao remate do mesmo.
- **A cualificación final** obtense cunha **nota numérica de 5** ou máis en cada cualificación parcial, en todas e cada unha das materias do Departamento, de forma que **non se compensan unhas avaliacións parciais coas outras**, é dicir, **teñen que aprobar cada avaliación de forma independente**.
- Segundo o criterio e decisión tomada na reunión da CP (Comisión Pedagóxica - Setembro 2019-20) será posible superar o curso por avaliacións, cunha única avaliación suspensa, **sempre que a nota desta sexa unha nota mínima de 4 e a suma das cualificacións obtidas nas 3 avaliacións do curso sexa 15 ou superior**.
- Para superar as materias no exame final a nota mínima será de 5 puntos sobre 10. Na convocatoria extraordinaria de Xuño (antiga de setembro), como xa se sinala nas programacións individuais , o alumnado deberá examinarse da materia completa.
- No caso de suspender unha avaliación ou máis, ou non telas feito por calquera motivo, deberán ir ao **exame final ordinario** onde recuperarán as pendentes ou non presentadas, na **convocatoria ordinaria de Maio, que se fará por avaliacións, ou na extraordinaria de Xuño que substituí á de Setembro e que será un exame global de toda a materia en cuestión**.
- Para iso se lle facilitará ao alumnado que estea nestas circunstancias, **ferramentas suficientes para poder recuperar as avaliacións suspensas ou non presentadas**.

É importante **subliñar que non se terán en conta traballos telemáticos e/ou exercicios que se vaian facendo ao longo do curso**.

**Para a convocatoria extraordinaria de Xuño non se gardarán notas parciais**, senón que a materia será obxecto de exame global e será puntuada sobre un **10 numérico** seguindo as pautas marcadas anteriormente.



- Polo tanto a alumna ou o alumno **ten** que ter superadas **cun 5 numérico** ou máis cada unha das avaliaciós para consideralas superadas; **de non ser así a alumna ou alumno terá que facer un exame final no que repetirá as avaliaciós que teña pendentes ou non presentadas polo motivo que sexa, en Maio, e un exame global da materia, en Xuño.**
- É **importante**, aínda que voluntario, xa que **non se terán en conta para a avaliación**, facer as *tarefas de autoavalación e de avaliación para enviar á titoría* (*aínda que non sexan consideradas como avaliables*) co fin de poder corrixir determinados erros a tempo e de ir acadando pasenixamente os obxectivos propostos.
- Desde este Departamento **sempre se traballará coa perspectiva de xénero** nas diferentes materias e nas diversas actividades e etapas históricas e artísticas, ao igual que no papel que o xénero xoga na Xeografía urbana, humana e económica, buscando que a igualdade e a transversalidade estea presente en todas elas.

## Principios do Sistema Educativo

Para levar a cabo todos os ámbitos de actuación detallados no epígrafe anterior, concíbese a LOMCE como unha lei orgánica que só modifica parcialmente a previa Lei Orgánica de Educación (LOE) do ano 2006. Neste sentido, e polo que se refire aos **principios** que inspiran o Sistema Educativo Español, incorporáronse os seguintes:

- **A equidade e a igualdade de derechos e oportunidades** que garantan o pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado a través da educación.
- O recoñecemento **dos proxenitores-as e titores-as como primeiros responsables** da educación dos seus fillos e fillas.
- **A educación para a prevención e resolución pacífica de conflitos**, así como o fomento da non violencia e a prevención do acoso escolar.
- **O Tratamento da diversidade**

–O desenvolvemento de valores que fomenten **a igualdade efectiva entre homes e mulleres** e que axuden a previr a violencia de xénero.



–A **liberdade de ensino**, que lles recoñece ás familias a elección do tipo de educación e a selección do centro educativo.

Para garantir o desenvolvemento destes principios defínese o Sistema Educativo como o conxunto de Administracións educativas, profesionais da educación e outros axentes, públicos e privados, que desenvolven funcións de regulación, de financiamento ou de prestación de servizos para o exercicio do dereito á educación en España.

Ademais establécense os órganos de participación da comunidade educativa na programación e asesoramento do goberno.

### **Elementos do currículo na LOMCE**

A LOMCE modifica os elementos que componen o currículo como regulador dos procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das etapas educativas.

Estes elementos pasan a ser os seguintes:

- Os **obxectivos** de cada ensino e etapa educativa.
- As **competencias** ou capacidades para aplicar os contidos de cada ensino e etapa educativa.
- Os **contidos**, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos e á adquisición de competencias.

Os contidos ordénanse en **materias**, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas e as etapas educativas.

- Os **estándares e resultados de aprendizaxe availables**, que permiten definir os resultados das aprendizaxes en cada materia.
- Os **criterios de avaliación** do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensino e etapa educativa.
- A **metodoloxía didáctica**, que comprende tanto a descripción das prácticas docentes como a organización do traballo dos docentes.



### 3. Obxectivos xerais de Bacharelato. O novo currículo do bacharelato

No marco da LOMCE, o Bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que os facultan para desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia.

Como sabemos, un Departamento como este, dedicado ao mundo das Humanidades, das Ciencias sociais, terá que ter en conta que a prioridade xeral, en todas e cada unha das materias haberá de ser a de ***formar cidadás e cidadáns de pleno, fomentando o espírito crítico, o respecto ás institucións democráticas, a tolerancia ás diferentes formas e maneiras das diferentes culturas, non só do mundo, en xeral, senón do país e das autonomías coñecidas no mesmo.***

Nunha programación das materias deste Departamento e para o nivel de estudos ao que vai referida, é dicir, **1º, 2º curso de bacharelato, así como a ESAD ( Módulos 1/2/3/4)** é preciso e forzoso referirmos ás propostas, obxectivos, aptitudes e contidos procedimentais e mínimos requiridos pola LOMCE.

Así mesmo, capacitará ao alumnado para acceder á educación superior.

**Obxectivos e ámbitos de actuación da LOMCE.** A Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) xorde como resposta a unha serie de retos educativos aos que se pretende dar resposta coa consecución dos seguintes obxectivos:

Principais retos educativos	Obxectivos da LOMCE
<ul style="list-style-type: none"><li>– Elevadas taxas de abandono escolar temperán.</li><li>– Baixo nivel formativo en relación cos estándares internacionais (PISA, ...).</li><li>– Reducido número de alumnos que acada a excelencia.</li><li>– Inadecuación do sistema educativo ante as novas demandas de formación.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>– Encauzar aos estudiantes cara a traxectorias adecuadas ás súas potencialidades.</li><li>– Mellorar os resultados aumentando o número de titulados da ESO.</li><li>– Elevar os niveis de educación e aumentar o número de alumnas e alumnos excelentes.</li><li>– Mellorar a empregabilidade e estimular o espírito emprendedor do alumnado.</li></ul>



Para lograr estes obxectivos a LOMCE centra a súa atención na modificación dos seguintes aspectos do Sistema Educativo:

- Racionalización da oferta educativa.** O currículo simplificarse coa priorización das materias troncais para adquirir as competencias educativas.
- Flexibilización das traxectorias educativas.** Establecemento de diferentes itinerarios educativos a partir da ESAD.
- Autonomía dos centros educativos.** Permitirá tomar decisións para mellorar a oferta educativa e suporá a rendición de contas dos resultados obtidos.
- Reforzo da capacidade de xestión da dirección dos centros.** Os directores asumirán o liderado pedagóxico e de xestión.
- Implantación de avaliaciós externas.** Estas levaranse a cabo ao finalizar cada etapa educativa: 6º Curso de Primaria, 4º curso de ESO e 2º curso de Bacharelato.

**Ademais, a LOMCE define tres novos ámbitos de actuación que incidirán especialmente na transformación do noso sistema educativo:**

- A incorporación xeneralizada das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC).** A través das TIC facilitarase a personalización da educación.<sup>3</sup>
- O fomento do plurilingüismo.** Fixado pola Unión Europea, lograrase pola incorporación no currículo dunha segunda lingua estranxeira.
- A modernización da Formación Profesional.** Adaptarase ás novas esixencias dos sectores produtivos e implicaranse as empresas na formación.

Segundo as recomendacións das institucións europeas a **LOMCE** incorpora a educación cívica e constitucional como contido **transversal** en todas as materias da educación básica. O obxectivo é **transmitir e pór en práctica valores como a liberdade individual, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia ou a igualdade.**

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permite.

<sup>3</sup> Este ámbito no noso IES San Clemente, leva anos introducido xa que é ensino on-line



Obxectivos	Competencias Clave
<p>a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade, una construcción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.</p>	<p>Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p>
<p>b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.</p>	<p>Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender</p>
<p>c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.</p>	<p>Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender Comunicación lingüística.</p>
<p>d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvimento persoal.</p>	<p>Competencias sociais e cívicas. Aprender a aprender</p>
<p>e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.</p>	<p>Comunicación lingüística. Conciencia e expresións culturais. Aprender a aprender</p>
<p>f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras. Comunicación</p>	<p>Conciencia e expresións culturais. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p>



<b>lingüística.</b>	<b>Aprender a aprender.</b>
<b>g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.</b>	<b>Competencia dixital.</b> <b>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</b> <b>Competencias sociais e cívicas.</b>
<b>h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.</b>	<b>Competencias sociais e cívicas.</b> <b>Conciencia e expresións culturais.</b>
<b>i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.</b>	<b>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</b> <b>Aprender a aprender.</b>
<b>j) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnología ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.</b>	<b>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</b>  <b>Aprender a aprender.</b>
<b>k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.</b>	<b>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</b> <b>Aprender a aprender.</b> <b>Competencias sociais e cívicas.</b>
<b>I) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.</b>	<b>Conciencia e expresións culturais.</b> <b>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</b> <b>Aprender a aprender</b>
<b>II) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e</b>	<b>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</b> <b>Aprender a aprender.</b> <b>Competencias sociais e cívicas.</b>



<b>impulsar condutas e hábitos saudables.</b>	
<b>m) Afianzar actitudes de respeito e prevención no ámbito da seguridade viaria.</b>	<b>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</b> <b>Aprender a aprender.</b> <b>Competencias sociais e cívicas.</b>
<b>ñ) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.</b>	<b>Conciencia e expresións culturais.</b> <b>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</b> <b>Aprender a aprender.</b> <b>Competencias sociais e cívicas.</b>

As concrecions curriculares para os distintos bloques de disciplinas, (recollidas nos anexos I, II e III do **Proxecto de Decreto 86/2015, do 25 de xuño** ), constrúense a partir dos criterios de avaliación, ligándoos cos demais componentes de cada materia.

**Os criterios de avaliación** relaciónnanse directamente cos **estándares de aprendizaxe**, que non son máis que concrecions dos propios criterios, e esos estándares conéctanse coas **competencias clave**. Por outra banda, os criterios de avaliación describen o que se pretende lograr en cada disciplina, e, neste sentido, os contidos non son máis que os medios para os alcanzar.

En cada materia, **os contidos** agrúpanse en bloques, o que non supón unha secuencia nin implica unha organización pechada; pola contra, permite organizar de diferentes formas os elementos curriculares e adoptar a metodoloxía máis adecuada ás características das aprendizaxes e do grupo de alumnos e alumnas a quen van dirixidos.

**As competencias clave** están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado. As situacions de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento deberán incorporar tarefas que contextualicen as aprendizaxes e que permitan avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. **O enfoque metodolóxico** deberá sustentarse nas referidas situacions de aprendizaxe, coa finalidade de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia. Neste deseño é responsabilidade do centro e do profesorado a adecuada selección da metodoloxía, que deberá ser variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas.



**No que se refire a este último parágrafo, temos de sinalar que no IES San Clemente, dedicado exclusivamente, ao ensino de persoas Adultas e on-line, apenas se pode realizar o enfoque previsto para un ensino presencial e de alumnado moi diferente, tanto pola idade, como pola casuística da situación de cada unha.**

As actividades de aprendizaxe integradas poden incluír elementos curriculares procedentes de distintos bloques. Á súa vez, estes elementos poderán formar parte de diferentes actividades e, co obxecto de mellorar os resultados, esas actividades poderán ter carácter interdisciplinar. O feito de tratar simultaneamente, nunha mesma actividade, contidos de bloques distintos e, mesmo, de disciplinas diferentes, halle permitir ao profesorado determinar a conveniencia de avaliar a totalidade ou só unha parte das competencias clave relacionadas con cada estándar de aprendizaxe. Correspondelle ao centro educativo velar por un tratamiento equilibrado das competencias clave nas programacións didácticas.

A posta en práctica do contido desta norma complétase coa regulación que pola Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, fai o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, relativa á descripción das relacións entre as competencias e os contidos e criterios de avaliação das diferentes ensinanzas.

**O referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado son os criterios de avaliação e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe availables.** No deseño das situacions de aprendizaxe tomaranse en consideración todos os elementos do currículo, entre eles os procedementos e os instrumentos de avaliação, así como os criterios de cualificación que permitan avaliar tanto os resultados da materia como o nivel competencial alcanzado polos alumnos e as alumnas.

O recoñecemento dunha maior autonomía dos centros educativos establecese neste decreto dun xeito efectivo, aumentando a súa capacidade de decisión na definición do currículo, coa posibilidade de definir, nas condicóns que determina a Administración educativa, a oferta de materias do bloque de disciplinas de libre configuración autonómica, e, deste xeito, adaptar a súa oferta educativa ao seu contexto socioeducativo. Entendemos que este parágrafo compete a situacions de Modalidades de ensino como a citada do IES San Clemente, polo que poderemos adaptar dalgún xeito, estándares e instrumentos de avaliação específicos.



O currículo está integrado polos obxectivos, as competencias, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares e os resultados de aprendizaxe availables, e pola metodoloxía didáctica. Enténdese o seguinte:

- a) Obxectivos:** son os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.
- b) Competencias:** son as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.
- c) Contidos:** son o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos, en función das ensinanzas, das etapas educativas ou dos programas en que participe o alumnado.
- d) Criterios de avaliación:** son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.
- e) Estándares de aprendizaxe availables:** son especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e availables, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.
- f) Metodoloxía didáctica:** é o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

O currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato nos centros educativos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia será o que se recolla para as distintas disciplinas nos anexos I, II e III do decreto.



## **Competencias clave**

Para os efectos deste decreto, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

### **4. Achega do Departamento ao desenvolvemento das competencias básicas.**

#### **Programación de temas transversais.**

O Departamento de Xeografía e Historia ten no seu haber unhas disciplinas que polos **seus valores intrínsecos teñen un elevado potencial para contribuír á formación integral do alumnado, incluíndo, pola súa índole humanística, a mayoría dos contidos transversais como parte do seu currículo oculto.**

No entanto, resulta difícil positivar esos temas transversais nos contidos conceptuais de calquera materia de 2º curso de Bacharelato, debido a ter que traballalas de cara á dita formación pola extensión dos programas e o descoñecemento nalgunhas das materias (caso da Historia da Arte, por exemplo, cuxa dificultade é maior dada a amplitude do temario de contidos conceptuais).

Por iso é aconsellable nestes temas, como parte do currículo oculto, un tratamento cotiá, case subliminal, ao fío do traballo dos demais contidos; relacionando, sempre que veña ao caso, os conceptos e as situacións que van xurdindo ao longo do curso cos contidos transversais.

Tratarase dunha **postura vital** do profesorado, desde o convencemento pleno deses temas como **valores irrenunciables**, e dunha chamada de atención permanente sobre esas cuestións, sen que iso supoña unha renuncia a tratarlos de forma exclusiva cando a situación o requira.



**Esta é unha tarefa que cada profesor ou profesora sabe facer e resulta case imposible dar pautas xerais. No entanto, é bo volver lembralos a modo de suxestión, a continuación:**

**Significado dos Contidos transversais. Contidos Transversais**

O carácter global e integrador do currículo de Bacharelato implica que, en tódalas materias, estean presentes unha serie de temas de tratamiento xeral ao longo do correspondente desenvolvemento curricular. No caso das materias do Departamento de Xeografía e Historia, os temas transversais a traballar son basicamente os seguintes: **a educación moral e cívica, a educación para os dereitos humanos e a paz, a educación para a igualdade entre os sexos, e a educación ambiental e do consumidor.** En relación cos temas transversais, esta materia presenta os seguintes obxectivos:

**Educación para os dereitos humanos e a paz.** Pretende:

- **Apreciar** os dereitos e as liberdades humanas como un logro irrenunciable da humanidade.
- **Desenvolver** actitudes de rexeitamento ás desigualdades sociais e económicas dos pobos.
- **Promover** actitudes democráticas e de solidariedade con outros pobos e etnias.

**Educación moral e cívica:** Pretende:

- **Analizar** e estudiar problemas con dimensión moral do mundo contemporáneo, prestando atención preferente aos más directamente relacionados con España e Galicia: gasto armamentístico, problemas de refuxiados e emigrantes, desigualdades ricos-pobres...
- **Valorar** a democracia como o mellor sistema para solucionar problemas de conflictividade social e política.
- **Desenvolver** actitudes dialogantes para potenciar a tolerancia e o respecto das ideas, crenzas ou costumes diferentes ás propias.
- **Formarse** un xuízo crítico e razoado dos problemas actuais da actual sociedade española en xeral e galega en particular.
- **Coñecer e valorar** os máis destacados proxectos éticos contemporáneos concretados nas súas actuacións na nosa contorna máis inmediata e na súa proxección internacional: loita polos dereitos humanos, feminismo, pacifismo, ecoloxismo...



- **Participar** en debates cunha actitude crítica e tolerante, argumentando as propias opinións, explicándolle sempre que as opinións terán que partir de argumentacións científicas, obxectivas, e non da subxectividade, e utilizar o diálogo como forma de resolver os conflitos humanos e sociais.
- **Comprender** aqueles contidos de gran impacto social como a sida, a emigración, a violencia (dentro dela, a violencia de xénero especificamente), o racismo, as desigualdades sociais e económicas, etc., no marco xeral das tensións e problemas da sociedade actual.

**Educación para a igualdade entre os sexos** Ten como obxectivos:

- **Corrixir xuízos sexistas**, dando un tratamento equilibrado ó papel desempeñado polos homes e as mulleres no desenvolvemento dos acontecementos históricos.
- **Lograr e consolidar hábitos non discriminatorios na explicación dos procesos da historia, da arte , dos espazos, fomentando a xeografía de xénero.**
- **Coñecer e valorar a loita das mulleres polos seus dereitos.**
- **Elaborar xuízos críticos sobre situacións de discriminación por razón de sexo, fuxindo de explicacións simplistas e/ou maniqueas.**
- **Analizar** criticamente a realidade e corrixir xuízos sexistas, dando un **tratamento equivalente e equilibrado ao papel semellante que xogan homes e mulleres no devir histórico.**
- **Consolidar hábitos non discriminatorios na explicación dos feitos e procesos do mundo contemporáneo**, partindo da selección e da análise de diversas fontes históricas e historiográficas, e artísticas.
- **Aplicar a linguaxe non sexista en todas e cada unha das materias que competen ao departamento, como expresión clara da presenza de máis da metade da humanidade en calquera das materias do mesmo.**
- **Utilizar documentación equitativa en todas e cada unha das materias para visibilizar a universalidade do ser humano en canto ao sexo, raza, etnia** Tentando contemplar a perspectiva de xénero en todas as materias.

**Educación ambiental:** Pretende:

- **Comprender** as consecuencias ambientais que se derivan de certos acontecementos políticos, económicos ou científicos: conflitos bélicos, explotación abusiva de recursos naturais, etc.



- **Valorar e respectar** o patrimonio histórico, cultural e social, asumindo a responsabilidade da súa conservación e mellora.

#### **Educación multicultural:**Ten como finalidade:

- **Facer comprender** o significado histórico de culturas non europeas.
- **Desenvolver** actitudes de tolerancia e valoración de culturas non occidentais.
- **Desenvolver** actitudes de respeito ao medio ambiente

#### **Educación para os dereitos humanos e a paz:**

- Apreciar os **dereitos e as liberdades humanas** como dereitos irrenunciables da humanidade.
- **Promover actitudes democráticas e de solidariedade** con outros pobos e culturas.
- **Desenvolver actitudes de rexitamento ante as desigualdades** sociais e económicas dos individuos e dos colectivos sociais.
- **Participar** en debates con actitude crítica e tolerante, argumentando as opinións propias e empregando o diálogo como medio de resolución das diferencias de actitude e de pensamento.
- **Analizar conflictos socio-políticos da España actual con actitude crítica e constructiva, fuxindo de posicións e solucións maniqueas.**
- Coñecer** e valora-lo papel das organizacións supranacionais e non gobernamentais na defensa da paz e da cooperación cos colectivos más desfavorecidos.

#### **Educación ambiental e do consumidor:**

- **Analiza-los** valores e problemas da sociedade industrial e posindustrial española e a súa repercusión no medio ambiente e na calidade de vida.
- Valorar e respectar** o patrimonio ambiental e histórico-cultural, asumindo a responsabilidade da súa **conservación e mellora**.

### **3. Materiais e recursos didácticos incluídos os libros de texto.**

O alumnado deste Bacharelato e da ESAD, ten materiais dabondo na Aula Virtual, xa que as Guías electrónicas suplen, case, todo tipo de material; iso non significa que non se lles poida **recomendar unha bibliografía** “ad hoc”, que se fai, dado que ás veces, hai alumnado que precisa de material bibliográfico para completar ou, simplemente, porque lles



gusta ter relación co libro; ademais do formato libro, formato tecnolóxico, a través da internet.

#### **4. Actividades de Contribución do Departamento de Xeografía e Historia**

##### **Competencia en comunicación lingüística. Proxecto lingüístico**

Desde as materias do Departamento de Xeografía e Historia a contribución ao proxecto lingüístico é evidente, dado que temos a obriga de explicar a materia e dar as clases en galego. Tamén os contidos da aula virtual están en galego exclusivamente e incluso as comunicacóns co alumnado desenvólvense neste idioma. Si contemplamos desde fai uns anos para aquí que temos alumnado moi diverso tamén lingüisticamente falando e , polo tanto, hai materiais que se traballan indistintamente nos dous idiomas cooficiais, por exemplo os exames....

O desenvolvemento desta competencia permite expresar, comunicarse, comprender... de forma oral e escrita, a través de:

- **Lectura, comprensión e síntese** da información escrita e oral que recibe o alumnado, así como de bibliografía complementaria recomendada en cada unha das materias.
- **Análise, comentario e interpretación** de diferentes visións e conceptos da Historia, da Arte, da Xeografía...
- **Contraste de interpretacións** críticas das diversas materias e elaboración de sínteses integrando informacións de distinto signo.
- **Utilización de Textos** que aporten sentido ás materias estudiadas.
- **Definir termos concretos** en cada unha das materias para adquirir o coñecemento científico das mesmas.
- **Expresar correctamente**, de forma oral e escrita, ideas propias e relacionadas co coñecemento.
- **Utilizar a Linguaxe inclusiva en todas e cada unha das materias**

##### **Competencia social e cidadá.**

O estudo de calquera das materias do Departamento, permite comprender a realidade social en que se vive, apreciar todos e cada un dos acontecementos que expresarán a cultura dun pobo, ou, pola contra, que llo impiden. Tamén, axudarán a recoñecer a diversidade cultural dunha sociedade plural, así como o seu carácter evolutivo.



Ao seu desenvolvimento contribúese:

- **Promovendo o interese polo coñecemento crítico** de culturas diversas, de manifestacións diferentes tanto históricas como actuais, e a súa percepción como elementos enriquecedores da existencia colectiva da humanidade.
- **Consolidando actitudes e hábitos de respecto, tolerancia e solidariedade** respectando e valorando positivamente os aspectos comúns e diferenciais e a pertenza simultánea a máis dunha identidade colectiva, a través das diferentes percepcións manifestadas en calquera das actividades históricas, artísticas, tendo en conta o espazo e o tempo.

**Competencia cultural e artística.**

Esta competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, **ás que o estudo da historia da arte contribúe en plenitude, a pesar de que a LOMCE coa materia de “Fundamentos da Arte”, tente retirala do Departamento incorrendo, segundo a nosa opinión, nun importante erro; as outras materias do Departamento non quedan afastadas deste cometido:**

- **Interpretando as manifestacións artísticas como expresión da cultura e da sociedade que as produce.**
- **Analizando, valorando e comentando obras de arte, obras filmicas , que ademais son fontes de información para comprender o por que das diferentes manifestacións, tanto no tempo como no espazo.**

**Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.**

A competencia que permite a adecuada percepción do espazo físico en que se desenvolven as actividades humanas, tanto a grande escala como na contorna inmediata e a habilidade para interactuar co espazo circundante.

**Ao desenvolvemento desta competencia contribúese, en gran maneira coa Xeografía e a Xeografía e H<sup>a</sup> de Galicia<sup>4</sup>, así como co resto das materias, mediante:**

- 
- 

<sup>4</sup> Que xa non se oferta no IES San Clemente a pesar de considerala necesaria desde o Departamento



- **A análise e comentario de láminas de pintura, escultura e arquitectura** das diversas etapas e culturas históricas, de mapas, gráficos e estatísticas que axudarán á comprensión e análise das diferentes materias.
- **A localización e relación dos feitos históricos, artísticos e xeográficos** co espazo onde se producen.
- **A valoración dos cambios e transformacións do espazo como consecuencia dos diversos feitos protagonizados pola acción da humanidade en xeral.**

**Competencia matemática.**

Consiste na habilidade para utilizar e relacionar os números, as súas operacións, os símbolos e as formas de expresión e razonamento matemático, para producir e interpretar distintos tipos de información e ampliar o coñecemento sobre **aspectos cuantitativos, espaciais e cronolóxicos da realidade**. Ao desenvolvemento desta competencia contribúe:

- **A realización de operacións de cálculo para a confección e interpretación de eixos cronolóxicos, gráficas (circulares, de barras ou liñas) a partir de datos numéricos.**
- **A análise e comentario de situacíons socioeconómicas** que presentan unha evolución nos indicadores en táboas de datos, gráficas de liñas e barras.
- **Resolución de problemas mediante cálculos porcentuais** para a elaboración de gráficas, taxas, demografía en xeral....
- O comentario e **percepción da arte** desde un punto de vista cuantitativo, xa que é inevitable o estudio dos cálculos e medidas que, por exemplo na arquitectura se utilizan, así como as proxeccións numéricas que a cultura grega nos deixou para buscar a beleza coa **proporción áurea**.

**Competencia para aprender a aprender.**

O dominio desta competencia supón dispoñer de habilidades para afondar na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo. Ao desenvolvemento desta competencia contribúese con:

- **A ampliación dos coñecementos** adquiridos e a comunicación do propio traballo.
- **A elaboración** de esquemas, mapas conceptuais e táboas comparativas para comprender, relacionar e asimilar mellor os coñecementos.
- **A aprendizaxe** dos propios erros e a comprobación do nivel de coñecementos adquiridos a través das actividades propostas e das probas de avaliación.



#### **Tratamento da información e competencia dixital.**

Consiste en dispoñer da habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento, ao que se contribúe:

- **Buscando e procesando** información obtida de fontes diversas: cartográficas, iconográficas, textuais, fílmicas e a Internet.
- **Confeccionando e analizando** gráficas, táboas de datos, láminas, e eixos do tempo.
- **Presentando** de forma escrita, ordenada, estruturada e clara a información obtida.

#### **Autonomía e iniciativa persoal.**

A adquisición desta competencia permite ser capaz de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico, ao que se contribúe potenciando:

- **A capacidade de análise e crítica**, argumentando os propios puntos de vista de forma razonada.
- **A aplicación** dos coñecementos adquiridos a novas situacións.
- **A planificación e responsabilidade** sobre os compromisos adquiridos no traballo individual e colectivo.

#### **Proxecto Lector.**

Para o proxecto lector no Departamento de Xeografía e Historia, recomendamos sempre lecturas axeitadas a cada avaliación que figuran na aula virtual, especialmente relacionadas con cada unha das materias e así quedan especificadas. En cada unha das programacións individuais , por materias, incluiránse as lecturas recomendadas e más que, este curso, serán **obrigadas, concretamente en H<sup>a</sup> de España e en H<sup>a</sup> da Arte**

Dentro da aula virtual tamén está previsto incluír biografías de mulleres na Historia; a presenza das mulleres na Historia da Arte....

#### **Proxecto das TIC**

**Non é preciso incidir moito neste aspecto dada a aula virtual como ferramenta educativa que implica ao alumnado o manexo informático preciso para seguir liñas de traballo, descargar documentos, escribir ao profesor ou profesora, entrar nos foros**



**correspondentes, entregar exercicios elaborados a través de Internet e relacionarse co entorno Web a cotío, lugar onde se desenvolve o traballo didáctico fundamental deste bacharelato a distancia.**

Pode resultar redundante este obxectivo, sen embargo podemos fomentar que o alumnado saque o máximo proveito destes recursos e desenvolva a súa autonomía.

Nesta liña de actuación dende esta materia poderemos:

-**Estimular** ao alumnado no uso de todas as utilidades da plataforma educativa para que consigan un maior aproveitamento das súas posibilidades

-**Fomentar** a busca selectiva de información en internet de forma precisa e rápida. Para conseguir este obxectivo a información que se facilite ao alumnado deberá ser ordenada, evitando o exceso de información.

-**Iniciar** a gravación de temas en vídeo como elemento facilitador da aprendizaxe e de comunicación auditiva e visual entre o alumnado e o profesorado

Pódese valorar a mellora dos recursos do portal educativo con respecto a cursos anteriores, que facilita o traballo tanto do profesorado como do alumnado...camstudio, you tube, e outras formas de introducir as TIC no aprendizaxe cotiá.

#### **Proxecto de Convivencia**

Consideramos que a calidade da convivencia dentro da comunidade educativa é un factor clave para o bo funcionamento do centro, dende este Departamento intentarase:

-**Colaborar** co Observatorio da Convivencia e na elaboración do Plan de Convivencia.

-**Colaboración** e respecto nas relacións coas demais persoas, tanto entre o profesorado como entre o alumnado, promovendo especialmente esta dinámica entre o alumnado.

-É fundamental **usar o diálogo** como medio de resolución de conflitos e como ferramenta de relación

-As liñas básicas de actuación virán desde a **tolerancia e o respeito** coas opinións diversas, tratando de escoitar e respostar de xeito razoado, para non esquecer que o noso comportamento cívico é fundamental á hora de formar actitudes no alumnado

Especialmente deberemos **fomentar valores democráticos, e razoamentos de tese, antítese e síntese**

- *Cabe ter en conta a avaliação destas características da convivencia entre o alumnado e o profesorado.*



## Avaliación da Programación didáctica.

- Unha vez levada a cabo a Programación Didáctica, todos os membros do departamento valorarán a súa posta en práctica. Para iso utilizarán uns instrumentos de avaliación no que se recollen criterios como: **Adecuación (ó alumno/alumna e contexto), Validez (ó currículo), Viabilidade (consecución) e Utilidade (coherencia).**
- Finalmente, redactarase unha **Memoria final** que reflecta as conclusións obtidas e que serán consideradas na proposta de mellora da Programación Didáctica do curso seguinte.

## Ensinanza Secundaria ESAD para adultas e adultos

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén de publicar no Diario Oficial de Galicia ([https://www.xunta.gal/dog/publicados/2018/20180412/AnuncioG0164-220318-0004\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/publicados/2018/20180412/AnuncioG0164-220318-0004_gl.html)) a orde pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e establecese o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Deste xeito o departamento educativo da Xunta de Galicia moderniza estes ensinos e adapta a súa estrutura e currículo ao establecido na Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para mellóraa da calidade educativa (LOMCE) e ao Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

### **A orde divide os ensinos para adultos en básicas iniciais e secundaria obligatoria.**

Entre as principais novedades que incorpora fai falta destacar a incorporación ao expediente do alumnado da nota media final de etapa ao finalizar o ensino secundario obligatoria e as respectivas validacións de estudos procedentes da ISO común e da Proba Libre para a obtención do título de educación secundaria obligatoria para persoas maiores de 18 anos. Así mesmo, o novo currículo é máis flexible que o existente ata o momento, adaptándose ás características das persoas que cursan estes ensinos.

### **Secundaria para adultas e adultos**

No caso do ensino secundario obligatorio para adultos e adultas, destinada a obtención do título de educación secundaria e preparatoria de acceso a ciclos de grado medio e ao bacharelato, organízase por niveis (1º e 2º), divididos en dous anos. No primeiro deles se



impartirán dous módulos cuadrimestrais correspondentes aos dous primeiros cursos da ESO, e no segundo outros dous módulos cuadrimestrais que se corresponden co 3º e 4º curso da etapa.

Cada un dos módulos está integrado por tres ámbitos de coñecemento (*Comunicación, Científico-matemático e Social*) e cada ámbito agrupa distintas materias do currículo. Deste xeito, o ámbito de Comunicación inclúe as materias de Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura e Primeira Lingua Estranxeira; o Científico-tecnolóxico reúne contidos de Matemáticas, Física e Química, Ciencias Naturais, Bioloxía e Xeoloxía e de Tecnoloxía; e o ámbito Social inclúe as materias **Ciencias Sociais e Xeografía e Historia**.

Os ensinos de secundaria obligatoria terán unha carga horaria de 20 sesións semanais, no réxime presencial e 5 sesións semanais no réxime semipresencial.

**O réxime a distancia telemática se imparte nun único centro en toda Galicia: o IES San Clemente de Santiago de Compostela, que poñen a disposición do alumnado unha plataforma telemática propia.**

### Obxectivos da educación secundaria obligatoria

A educación secundaria obligatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia e o respecto, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o ejercicio da cidadanía democrática.**
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.**
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexitar a discriminación das persoas por razón de**



**sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.**

**d) Fortalecer as súas capacidades afectivas** en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como **rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas**, e resolver pacificamente os conflitos.

**e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información**, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

**f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado**, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

**g) Desenvolver** o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

**h) Comprender e expresar** con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

**i) Comprender e expresarse** nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.

**j) Coñecer, valorar e respectar** os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. **Coñecer mulleres e homes** que realicen achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

**k) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.**

**l) Coñecer e valorar** os aspectos básicos do **patrimonio lingüístico, cultural,**



histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

**II) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega** como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

#### **PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

A avaliación é un elemento esencial do proceso de ensinanza-aprendizaxe que debe aplicarse tanto á aprendizaxe dos alumnos e alumnas como á **revisión da propia práctica docente**.

A avaliación consiste nun proceso continuo que nos permite recoller sistematicamente información relevante, co obxecto de **re axustar a intervención educativa** de acordo coas aprendizaxes reais do alumnado.

A finalidade da avaliación educativa é **mellorar o proceso** que cada alumno/a experimenta, o funcionamento do grupo-clase e a nosa propia práctica.

Para avaliar a adecuación da programación á consecución dos obxectivos educativos propostos non só se valorarán os resultados das distintas probas trimestrais e finais, e a porcentaxe de alumnado que vai superando os contidos da materia, senón tamén os niveis de competencia acadados. É necesario reflexionar sobre **que avaliamos** (capacidades, coñecementos e actitudes), **cando avaliamos** (inicial, continúa y final) e **como o facemos** (técnica, instrumentos, procedementos, auto avaliación, cooperativa, externa, interna).

Á hora de elaborar un instrumento de auto avaliación da práctica docente do profesorado dos centros educativos, debemos atender sempre a criterios de **intervención** sistemáticos aportando **propostas de mellora** que contemplen obxectivos, **temporalización, fases e axentes**. As **medidas de axuste** débense procurar ao longo de todo o proceso para una aplicación real das previsións.

Por último, pero non menos importante, os instrumentos de auto avaliación da práctica docente por áreas ou materias debe servir para que **o profesorado reflexione sobre a súa**



práctica educativa e tamén para **avaliar, supervisar e asesorar** tanto a cada profesor/a de maneira individual, como ao equipo docente e ao equipo directivo.

Por tanto e como vemos, **a avaliación do proceso debe orientarse en dous niveis:**

- O contexto da aula** (preparación, desenvolvemento e avaliación)
- O contexto do centro** (currículos, coordinación e cooperación)
- Os indicadores están dirixidos a analizar a avaliación en varios estados:**
  - a) En relación co currículo.**
  - b) En relación coa avaliación inicial.**
  - c) En relación cos contidos e instrumentos de avaliación.**
  - d) En relación coa temporalización da mesma.**
  - e) En relación co uso dos resultados da avaliación para mellorar os procesos de aprendizaxe.**

#### Proposta de mellora da Programación Didáctica

- Traballar e Esixir una mellora na Presentación e expresión escrita do alumnado, moi pobre en léxico, falla de conceptos históricos e cunha gran incapacidade para construír un discurso coherente e estruturado.

- Incidir na lectura de coñecementos históricos básicos en todo o alumnado. Temos que lembrar que nun curso de Bacharelato presupонse un certo nivel de partida ou unha bagaxe previa. Resulta especialmente complexo comentar contidos relativos a cuestiós de política, economía, movementos sociais, sen uns alicerces asentados na Secundaria. Hai moita diferenza entre o alumnado que ven de 1º coa HMC superada e o que non escolle esa materia e, polo tanto, desde 4º da ESO non volveron a ter relación coa mesma.

- Fomentar un maior compromiso de seguimento no traballo continuado durante todo o Curso por parte do alumnado.

- Unha maior atención á diversidade por parte do profesorado, procurando que o alumnado con máis dificultades acade uns coñecementos básicos antes de profundizar na materia. Aínda que isto resulta especialmente difícil debido ás peculiaridades do nosos Centro, entre outras que non se poden facer adaptación curriculares e hai una porcentaxe importante de alumnado que as precisaría, problema que , aparte diso, pola cantidade de alumnado por materia sería inabordable para unha profesora ou profesor. En todo caso, será necesaria seguir traballando cunha maior comunicación co labor do Departamento de Orientación.



- Queda por conseguir una maior motivación do alumnado pola aprendizaxe, polo gusto de aprender, a pesar de que se lles facilitan fontes, videos, presentacións, bibliografía sinxela...,

- Procurarase mellorar a edición dos vídeos didácticos a través do programa OBS (reducindo a súa duración, elaborando contidos visualmente más atractivos, mesturando imaxe fixa e vídeo, eliminando planos aberrantes do profesor ou aqueles que non aportaban nada a peza,...), intentamos continuar nesta dinámica e, sobre todo , seguir a formarnos , xa que non todo o profesorado sabe ou coñece a mecánica precisa para facelo.

- Potenciaremos e animaremos a que se utilice máis a ferramenta de vídeo conferencia. Até de agora o alumnado a utilizan pouco e non precisamente para os obxectivos desexables, senón para preguntas sobre os exames, as probas ou para revisión puntuais dos mesmos.

- Tendo en conta a dinámica que este tipo de ensino a distancia nos obriga, o sistema de avaliación baseouse na realización dunha proba por trimestre, e consideramos, polo menos, complicado atopar outras fórmulas complementarias.